

2.5 Información ao alumnado

Durante as primeiras sesións de clase a profesoras explicará ao alumnado os principais puntos desta programación: obxectivos da materia, contidos que se van desenvolver, metodoloxía que se vai empregar, materiais e recursos educativos que se van precisar, e moi especialmente os criterios de cualificación e mecanismos de avaliación que se van empregar. O alumnado recibirá toda a información pertinente por mensaxería Abalar e correo electrónico, sobre todo se os escenarios cambian de ensino presencial a semi-presencial ou telemático. De calquera xeito, toda a información estará dispoñible na páxina web do centro ao longo de todo o curso académico.

Así mesmo, ao longo do curso e como parte do proceso formativo da avaliación, o alumnado será informado dos resultados obtidos en todas as tarefas que realizan mostrándolles cales son os seus puntos fortes e os máis frouxos. A profesora mostrará e explicará de antemán as rúbricas que vaian ser utilizadas como mecanismos de avaliación.

A profesora informará ao alumnado que teña a materia pendente sobre os mecanismos de recuperación da mesma, información que tamén se lles enviará persoalmente mediante mensaxería AbalarMóbil e/ou correo electrónico.

A nota final ordinaria e extraordinaria pode ser obxecto de reclamación dentro dos mecanismos establecidos a tal efecto.

Toda a anterior información será transmitida ao alumnado antes da realización da primeira sesión de avaliación e redactada na presente PD cos criterios de cualificación claramente diferenciados.

3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

3.1 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación durante o curso e 3º parcial

Os criterios e procedementos de avaliación recóllense na seguinte táboa:

| ELEMENTOS A AVALIAR | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PESO NA NOTA |
|------------------------------------|--|--------------|
| Participación oral na clase | P- Observación da contribución que aporta, da expresión oral individual e da interacción. I- Rexistro cuantitativo e cualitativo das intervencións con rúbricas*. | 40% |
| Tarefas escritas de clase | P- Tarefas escritas. I- Rexistro cuantitativo e cualitativo con rúbrica*. | 40% |
| Traballo da casa | P- Observación do traballo I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbricas*. | 20% |

*As rúbricas para a avaliación das observacións e dos rexistros cualitativos e cuantitativos das actividades inclúense no final da presente PD, no punto 9.

Os procedementos establecidos para superar a materia de valores éticos son os seguintes:

- a. O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións cando acade como mínimo 5 puntos sobre 10, obtidos da media das distintas partes a avaliar tal e como está indicado na táboa arriba detallada.
- b. O alumnado superará a materia do curso cando supere o 3º parcial cunha nota de mínimo 5 puntos sobre 10.
- c. O alumnado que non supere a materia no 3º parcial poderá superar a materia na Avaliación Final.
- d. Para a nota final, a profesora terá en conta, non só os resultados acadados nas distintas avaliacións, senón tamén a constancia no traballo e o progreso baseado no esforzo continuo ó longo do curso.
- e. No caso de que o alumno ou alumna plaxie ou copie o traballo de compañeiros/as, esa tarefa en concreto levará a cualificación mínima.

3.2 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación na avaliación extraordinaria

a) Alumnado que non superou a materia no 3º parcial

O alumnado que non supere a materia no 3º parcial de xuño ten a posibilidade de superar a materia antes da avaliación final do 23 de xuño. A este alumnado faráselle un informe individualizado e será avaliado, en principio, segundo os criterios que se sinalan a continuación:

| ELEMENTOS A AVALIAR | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PESO NA NOTA |
|----------------------------|--|--------------|
| Presentacións orais | P- Observación da contribución que aporta, da expresión oral individual e da interacción. I- Rexistro cuantitativo e cualitativo das intervencións con rúbricas*. | 50% |
| Portfolio | P- Entrega do conxunto dos traballos feitos durante o curso. I- Rexistro cuantitativo e cualitativo con rúbrica*. | 50% |

*As rúbricas para a avaliación das observacións e dos rexistros cualitativos e cuantitativos das actividades inclúense no final da presente PD, no punto 9.

b) Alumnado que si superou a materia no 3º parcial

Co alumnado que si superou a materia no 3º parcial traballarase en reforzar a expresión oral e escrita, servindo de apoio sobre todo ás materias de lingua e de ciencias sociais.

Con respecto aos criterios de titulación, as decisións sobre a titulación do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto do profesorado do alumno ou da alumna en cuestión, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe.

3.3 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación para alumnado ca materia pendente

A recuperación de Valores Éticos como materia pendente de cursos anteriores establécese como segue:

- A consecución dun grao mínimo esixible no curso académico presente, sendo avaliado/a pola profesora do devandito curso. Tanto a participación como o traballo realizado ata final de curso serán tidos en conta pola profesora do curso actual, de tal xeito que, de seren uns resultados aceptables, a profesora pode considerar como recuperada a materia do curso ou cursos anteriores. A profesora terá en conta todo o esforzo e progreso realizado nas tarefas do curso actual, de maneira que ao finalizar a avaliación do 3º trimestre, a profesora conta con datos suficientes para determinar se houbo progreso como para dar por aprobada a materia do curso anterior.

3.4 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación en caso de ensino semi-presencial/telemático

Como se sinalou anteriormente no apartado 2.2.1 o ensino semi-presencial ou completamente telemático seguirá na medida do posible os mesmos parámetros que o ensino presencial, xa que a realización de tarefas se farían igualmente dentro do entorno dixital: Aula Virtual, plataforma Cisco Webex de videoconferencia e correo electrónico.

4. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO EN RELACIÓN A CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN. CONCRECIÓN DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA CADA ESTÁNDAR

O currículo da materia en 4º ESO está estruturado en catro bloques temáticos. Son os seguintes:

1. A dignidade da persoa.
2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.
3. A reflexión ética.
4. A xustiza e a política.
5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.